



Baño de Bosque: Turismo de bienestar O NOSO PATRIMONIO NATURAL

Unha experiencia para sentir, respirar e reconectar.
Descubre unha forma diferente de facer turismo: tranquila, saudable e sostible.
O baño de bosque é unha actividade guiada na natureza onde non hai présa,
nin ruído, nin distraccións. Só ti, o aire fresco, os sons da natureza e o pracer de
camiñar con calma.



Mellora o ánimo



Reduce o estrés



Conecta contigo e co que te rodea

Non fai falla estar en forma, só ter ganas de desconectar.
Un paseo sinxelo, para todas as persoas, pensado para coidar o corpo, a
mente... e o entorno

Sabes que é un baño de bosque?

É unha maneira diferente de visitar a natureza... e de sentirte mellor.

Propoñémosche un paseo guiado e tranquilo polo bosque.

Só ti, o aire puro, as árbores e o silencio.

Non é unha ruta deportiva, nin unha excursión calquera.

É parar, respirar, escoitar, observar...

Como cando eras pequeno e xogabas na natureza sen mirar o reloxo.



Serve para relaxarte, desconectar e coidar a mente



É apto para todas as persoas



Poñemos en valor o noso patrimonio natural, coidándoo e gozándoo con
respecto